CEP Plurilingüe Pedro Caselles Beltrán
Tfno: 886 110 738 Mosteiro, s/n 36740 - Tomiño
Fax: 886 110 739 Email: cep.pedro.caselles@edu.xunta.es
www.edu.xunta.es/centros/ceppedrocaselles

ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA CURSO 2019/20 – TERCEIRO TRIMESTRE

ÁREA: VALORES SOCIAIS E CÍVICOS
CURSO: CUARTO

Instrucións do 27 de abril de 2020, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa para o desenvolvemento do terceiro trimestre do curso académico 2019/20, nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia

ÍNDICE

1. **Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles.**
2. **Avaliación e cualificación.**
3. **Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, reforzo, repaso, e no seu caso ampliación)**
4. **Información e publicidade.**

Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles.	
Criterio de avaliación	Estándar de aprendizaxe
Crear unha imaxe positiva de un mesmo tomando decisións meditadas e responsables, baseadas nun bo autoconcepto.	. Expresa a percepción da súa propia identidade relacionando a representación que fai de un mesmo e a imaxe que expresan das demais persoas. Manifesta verbalmente unha visión positiva das súas propias calidades e limitacións.
Construír o estilo persoal baseándose na respectabilidade e na dignidade persoal.	. Razoa o sentido do compromiso respecto a un mesmo e ás demais persoas. Actúa de forma respectable e digna.
Estruturar un pensamento efectivo e independente empregando as emocións de forma positiva.	Reflexiona, sintetiza e estrutura os seus pensamentos. Utiliza estratexias de reestruturación cognitiva, de xeito guiado, sobre situacións da súa realidade.
Adquirir capacidades para tomar decisións de forma independente, manexando as dificultades para superar frustracións e sentimentos negativos ante os problemas.	Utiliza o pensamento creativo na análise de problemas e na formulación de propostas de actuación. Emprega estratexias para facer fronte á incerteza, ao medo ou ao fracaso.
Desenvolver a autonomía e a capacidade de emprendemento para conseguir logros persoais responsabilizándose do ben común	Realiza propostas creativas e utiliza as súas competencias para abordar proxectos sobre valores sociais.
. Propoñerse desafíos e levalos a cabo mediante unha toma de decisión persoal, meditada e responsable, desenvolvendo un bo sentido do compromiso respecto a un mesmo e aos demais.	.Sopesa as consecuencias das súas accións. Desenvolve actitudes de respecto e solidariedade cara aos demais en situacións formais e informais da interacción social.
Dialogar creando pensamentos compartidos con outras persoas para atopar o mellor argumento.	Relaciona diferentes ideas e opinións para atopar os seus aspectos comúns
. Actuar con tolerancia comprendendo e aceptando as diferenzas.	Respecta e acepta as diferenzas individuais. Recoñece, identifica e expresa as calidades doutras persoas.
Resolver problemas en colaboración, poñendo de manifesto unha actitude aberta cara aos demais e compartindo puntos de vista e sentimentos.	Desenvolve proxectos e resolve problemas en colaboración.
Realiza un uso responsable dos bens da natureza, comprendendo e interpretando sucesos, analizando causas e predicindo consecuencias	. Amosa interese pola natureza que o rodea e séntese parte integrante dela. Razoa os motivos da conservación dos bens naturais Propón iniciativas para participar no uso adecuado de bens naturais razoando os motivos.
Comprender e valorar a igualdade de dereitos de homes e mulleres, a corresponsabilidade nas tarefas domésticas e o coidado da familia, argumentando en base a procesos de reflexión, síntese e estruturación.	Expón de forma argumentada a importancia de valorar a igualdade de dereitos de homes e mulleres, a corresponsabilidade nas tarefas domésticas e o coidado da familia Realiza traballos de libre creación investigando casos de falta de corresponsabilidade no coidado da familia presentados nos medios de comunicación.
Comprender a correlación entre dereitos e deberes, valorando situacións reais en relación aos dereitos da infancia e respectando a igualdade de dereitos de nenos e nenas no contexto social.	Expón verbalmente a correlación entre dereitos e deberes. Razoa a valoración de situacións reais expostas en internet, en relación aos dereitos da infancia. Expón mediante traballos de libre creación as conclusións da súa análise crítica das diferenzas na asignación de tarefas e responsabilidades na familia e na comunidade escolar en función do sexo.

Avaliación e cualificación	
Avaliación	Procedementos: observación das actividades realizadas, interacción profesora-alumno/a, participación activa.
	Instrumentos: rexistros de entrega de tarefas, listas de control, chamadas telefónicas, videoconferencias co alumnado, autoavaliacións e coavaliacións.
Cualificación final	Indicar o procedemento para obter a cualificación final de curso: Seguindo o procedemento da avaliación continua, globalizadora e formativa teremos en conta a calificación obtida na segunda avaliación, de xeito que a nota nunca será inferior a esta, polo que o traballo realizado neste período non presencial polo alumnado terase en conta positivamente ata un máximo de 1 punto sempre que a entrega fose igual ou superior ao 50% das tarefas propostas. **esta participación nunca será valorada de forma negativa **non se terán en conta na cualificación final actividades que inclúan contidos de ampliación.
Alumnado de materia pendente	Criterios de avaliación: seguiranse os criterios establecidos na programación para as diferente áreas.
	Criterios de cualificación: Terase en conta positivamente a participación e a entrega das actividades propostas polos mestre e mestras ata un máximo de 1 punto.
	Procedementos e instrumentos de avaliación: Observación con rexistro de datos, interaccións mestre -alumno/a, listas de control, rexistros de actividades e participación. Reforzarase a este alumnado con medidas de apoio educativo necesarias en funcións dos informes individualizados emitidos.

Información e publicidade	
Información ao alumnado e ás familias	As familias terán acceso a cualificación dos seus fillos e fillas que estará dispoñible na páxina web do centro. O contacto coas mesmas é fluído a través das canles abalar, whastapp, correo electrónico, videochamadas e videoconferencias.
Publicidade	Publicación obrigatoria na páxina web do centro.

Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, repaso, reforzo, e no seu caso, ampliación)	
Actividades	**As actividades propostas teñen un carácter competencial e globalizador da aprendizaxes de xeito que se traballan múltiples contidos curriculares. Neslas preténdese que o alumnado adquira competencias básicas a partir do repaso dos contidos traballados na aula.**
Metodoloxía (alumnado con conectividade e sen conectividade)	As actividades envianse diariamente a partir dos soportes abalar, whastapp, correo electrónico, chamadas telefónicas . O alumnado recibe estas estas propostas de traballo e envía as súas actividades a través de fotografías, audios, vídeos que os mestres e mestras revisamos diariamente para poder enviarlles correccións das mesmas. Nas propostas de actividades enviadas téñense en conta os seguintes principios metodolóxicos. ▪ coñecementos previos do alumnado. ▪ os intereses dos alumnos e alumnas. ▪ Carácter lúdico e competencial. ▪ Favorecer a aprendizaxe autónoma. ▪ Globalizar as ensinanzas e os contidos de aprendizaxe. ▪ Adaptación aos medios tecnolóxicos, diferentes ámbitos socioeconómicos e situacións persoais do alumnado.

	▪ Garantir a participación dos pais para posibilitar unha continuidade no traballo .
Materiais e recursos	Para comunicarnos co alumnado e familias empregamos whastapp, videoconferencias, abalar, e correo electrónico. Algún alumnado conta con ordenadores e conexión a Internet. Nalgúns casos que isto non é posible empréganse as chamadas telefónicas e emprégase o teléfono móbil con datos móbiles.